

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**6838** *Real decreto 417/2015, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento das empresas de traballo temporal.*

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, procedente do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, do mesmo nome, levou a cabo importantes modificacións na Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, co obxectivo fundamental de adaptala ao disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, que establece como principio básico o de eficacia nacional das autorizacións. Ben que se mantén na lei o réxime de autorización, ao se considerar que este se encontra xustificado por razóns de orde pública relacionadas coa loita contra a fraude como garantía dos dereitos dos traballadores e do Sistema de seguridade social, simplifícase coa supresión de toda limitación en canto ao ámbito territorial de actuación das empresas de traballo temporal ou calquera exixencia de ampliación ou prórroga das autorizacións.

Se a isto se engade o tempo transcorrido desde a aprobación do até agora vixente Real decreto 4/1995, do 13 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 14/1994, faise necesaria a aprobación dun novo regulamento, pois trátase non só de adaptalo a eses últimos cambios legais senón tamén de actualizar boa parte do seu contido tras vinte anos de vixencia.

Os obxectivos deste real decreto son, fundamentalmente, os tres seguintes:

En primeiro lugar, adecuar o seu contido aos recentes cambios introducidos na lei, fundamentalmente no que respecta ao réxime de autorización administrativa para o desenvolvemento da actividade constitutiva de empresa de traballo temporal. E isto tanto en relación coa validez e eficacia da propia autorización como en relación coas regras de aplicación para a determinación da autoridade administrativa competente para o efecto. Ademais, recóllese o novo prazo que a norma legal establece para que a autoridade laboral competente resolva a solicitude de autorización presentada, prazo que pasou de tres meses a un mes.

En segundo lugar, implantar a administración electrónica en todo o procedemento administrativo en materia de empresas de traballo temporal. É necesario ter en conta que o artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que as administracións públicas impulsarán o emprego e a aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias. Posteriormente, un dos obxectivos da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, foi o establecemento do dereito dos cidadáns a realizaren por medios electrónicos as mesmas xestións que se poden levar a cabo de forma presencial. Ademais, a dita lei prevé que as administracións públicas poidan establecer regulamentariamente, en determinados supostos, a obrigatoriedade de que as comunicacións se fagan por medios electrónicos.

Por todo isto, establécese no regulamento, para as autoridades administrativas e para as empresas, a utilización obrigatoria de medios electrónicos tanto para os trámites do procedemento de autorización como, posteriormente, para o cumprimento das obrigacións de información, o que indubidablemente facilitará a actuación de todos os suxeitos implicados e contribuirá a unha maior axilidade e eficacia en todas as etapas. Con todo, tal funcionamento por medios electrónicos require da existencia de aplicacións informáticas que se ocupen da recepción e tratamento da documentación achegada, polo que a norma prevé que, con carácter transitorio e até o último día do mes seguinte a aquel en que se encontren habilitados os mecanismos que permitan a tramitación do procedemento por

medios electrónicos, os trámites se poidan seguir realizando polos mesmos medios en que se viñan realizando até este momento.

En terceiro lugar, e tal como xa se adiantou, actualizar a norma regulamentaria, de modo que se adapte aos diferentes cambios normativos producidos ao longo do período de vixencia do anterior real decreto e que afectaron a regulación da actividade das empresas de traballo temporal.

O regulamento aprobado por este real decreto estrutúrase en sete capítulos:

No capítulo I, referido ao obxecto do regulamento, inclúese a referencia ás actividades que poden desenvolver as empresas de traballo temporal.

O capítulo II está dedicado á autorización administrativa que, conforme o establecido na lei, é única, ten eficacia en todo o territorio nacional e concédese sen límite de duración. Inclúese nel o modo en que se determina a autoridade laboral competente, así como os procedementos administrativos que se deben seguir, tanto para a solicitude de autorización, incluído o suposto de restablecemento de actividades, como para a súa extinción; procedementos en que, obrigatoriamente, se deben utilizar medios electrónicos.

O capítulo III desenvolve a obrigación legal das empresas de traballo temporal de constituír unha garantía financeira e nel contéñense as regras de aplicación para a determinación da súa contía, así como as exixencias que deben ser observadas tanto para a execución da garantía como para a súa liberación.

O capítulo IV, dedicado ao Rexistro de Empresas de Traballo Temporal, contén unha das novidades fundamentais da norma, a base de datos central xestionada polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, á cal se deberá incorporar parte da información existente nos rexistros de empresas de traballo temporal das diferentes autoridades laborais.

Os capítulos V e VI están referidos aos requisitos formais e ao contido de, respectivamente, o contrato de posta á disposición e o contrato de traballo.

O capítulo VII contén as obrigacións de información para a empresa de traballo temporal, tanto respecto á Administración, para cuxo cumprimento debe empregar, en todo caso, medios electrónicos, como respecto á empresa usuaria.

Con carácter previo á aprobación do presente real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas. Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento das empresas de traballo temporal, cuxo texto se inclúe a continuación, en aplicación da disposición derradeira única da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

Disposición adicional única. *Aplicación informática e convenios de colaboración.*

1. No prazo máximo de nove meses desde a entrada en vigor deste real decreto o Ministerio de Emprego e Seguridade Social desenvolverá unha aplicación informática que dará cobertura a unha base de datos central de empresas de traballo temporal e ao Rexistro de Empresas de Traballo Temporal.

2. Mediante convenio de colaboración entre o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e as comunidades autónomas articularase a colaboración entre as autoridades laborais responsables dos rexistros de empresas de traballo temporal. As comunidades autónomas poderán adherirse á aplicación informática a que se refire o número anterior ou ben utilizar aplicacións informáticas propias compatibles coa do Ministerio.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos iniciados.*

Aos procedementos incluídos no ámbito de aplicación do regulamento que se aproba mediante o presente real decreto iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio no que non se opoña ao establecido na Lei 14/1994, do 1 de xuño, na redacción vixente a partir do 5 de xullo de 2014.

Disposición transitoria segunda. *Tramitación por medios electrónicos.*

Até o último día do mes seguinte a aquel en que se encontren habilitados os mecanismos que permitan a tramitación do procedemento por medios electrónicos, poderanse seguir realizando todos os trámites polos medios en que se viñan practicando na data de entrada en vigor deste real decreto. A relación de contratos de posta á disposición deberá remitirse no modelo que se estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 4/1995, do 13 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.
2. Así mesmo, quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,  
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA

## REGULAMENTO DAS EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este regulamento ten por obxecto regular o réxime da actividade constitutiva das empresas de traballo temporal, segundo a definición contida no artigo 1 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.

2. As demais actividades que, de conformidade co disposto na dita lei, poidan levar a cabo as empresas de traballo temporal, como axencias de colocación, para o desenvolvemento de actividades de formación para a cualificación profesional ou de asesoramento e de consultoría de recursos humanos rexeranse pola normativa específica que, de ser o caso, lles resulte de aplicación.

### CAPÍTULO II

#### Autorización administrativa

##### Artigo 2. *Autorización administrativa.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar a actividade constitutiva de empresa de traballo temporal deberán obter autorización administrativa previa da autoridade laboral competente.

2. A autorización administrativa será única, terá eficacia en todo o territorio nacional e concederá sen límite de duración.

##### Artigo 3. *Autoridade laboral competente.*

1. Para os efectos previstos neste regulamento, será autoridade laboral competente a seguinte:

a) O órgano competente da comunidade autónoma en que radiquen o centro ou centros de traballo da empresa de traballo temporal se no momento da solicitude dispón de centros nunha soa comunidade autónoma.

b) A Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social se no momento da solicitude a empresa de traballo temporal dispón de centros de traballo en dúas ou máis comunidades autónomas.

c) As delegacións de Goberno de Ceuta ou Melilla, no suposto de empresas que unicamente contén con centros de traballo nalgunha das ditas cidades.

2. No caso de que unha empresa de traballo temporal deixe de dispor de centro de traballo na comunidade autónoma que concedese a autorización administrativa, será autoridade laboral competente a da comunidade autónoma en que si dispoña de centro ou a Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social se os ten en dúas ou máis comunidades autónomas.

No caso de que unha empresa de traballo temporal que fose autorizada pola Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social deixe de dispor de centro de traballo en todas as comunidades autónomas excepto nunha, será autoridade laboral competente a da comunidade autónoma en que dispoña de centro.

En tales supostos, a autoridade laboral que deixe de ser competente dará traslado de todo o expediente á autoridade que pase a ser competente por aplicación das regras anteriores. O cambio de autoridade competente non poderá supor que a empresa de traballo temporal deba cumprir novos requisitos ou realizar trámites adicionais ante a nova autoridade.

Artigo 4. *Autorización de inicio de actividades.*

1. Na solicitude de autorización, que se presentará ante a autoridade laboral competente, faranse constar, en todo caso, os seguintes datos:

- a) Identificación completa do solicitante.
- b) Denominación da empresa, en que se deberán incluír, necesariamente, os termos «empresa de traballo temporal» ou a súa abreviatura «ETT».
- c) Domicilio social da empresa e domicilio dos centros de traballo.
- d) Número de identificación fiscal e códigos de conta de cotización á Seguridade Social.

2. Á solicitude de autorización, que deberá presentarse por medios electrónicos no rexistro a que se refire o capítulo IV, xuntarase, tamén por medios electrónicos, a seguinte documentación:

- a) Poder suficiente en dereito, se o solicitante actúa en representación dunha persoa xurídica, salvo que a solicitude se presente mediante un certificado de sinatura electrónica de persoa xurídica en que o solicitante figure como apoderado ou que o solicitante figure rexistrado no Rexistro Electrónico de Apoderamentos.
- b) Cando a solicitude a formulen persoas xurídicas, certificación acreditativa da inscrición da empresa, calquera que sexa a forma que revista, no Rexistro Mercantil ou no correspondente rexistro de cooperativas. Ademais, deberá achegarse copia da escritura de constitución inscrita no correspondente rexistro e, se for o caso, estatutos da sociedade.
- c) Copia da documentación acreditativa de ter constituído a garantía financeira a que se refire o artigo 3 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, conforme o disposto no artigo 8 deste regulamento. A correspondente documentación orixinal deberá ser presentada nos tres días hábiles seguintes.
- d) Memoria explicativa da estrutura organizativa con que conta a empresa, detallada por centros de traballo, xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2.3 da Lei 14/1994, do 1 de xuño.

3. A solicitude presentarase a través do enderezo electrónico que, para tal efecto, se estableza, utilizando os formularios previstos especificamente para isto.

Os solicitantes poderán xuntar cantos documentos consideren conveniente para precisar ou completar os datos do formulario, os cales deberán ser admitidos e poderán ser tidos en conta polo órgano a que se dirixan.

4. Na súa solicitude, o solicitante poderá autorizar a autoridade laboral competente para que obteña de forma directa, a través de certificados electrónicos, a acreditación da súa identidade, así como a acreditación de que a empresa se ache ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

No suposto de que o solicitante non autorice expresamente a comprobación dos datos pola autoridade laboral competente, deberá achegar a documentación correspondente.

5. A autoridade laboral competente resolverá no prazo dun mes, contado desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano administrativo, estimando ou desestimando a solicitude formulada. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase estimada.

Contra a resolución poderá interperse recurso de alzada no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico do que a ditou.

6. As autorizacións administrativas numeraranse correlativamente, de acordo co que se estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto. O número asignado conservarase durante toda a vida da empresa de traballo temporal e só se procederá a dar nova numeración por restablecemento de actividades ou por cambio da autoridade laboral competente.

7. A autorización expirará cando a empresa deixe de realizar a actividade consistente na posta á disposición de traballadores durante un ano ininterrompido. Cando a autoridade

laboral competente verifique que concorre tal circunstancia, practicará o correspondente asento rexistral e comunicarao á empresa.

*Artigo 5. Procedemento para a extinción da autorización.*

1. Se a autoridade laboral competente aprecia o incumprimento pola empresa das obrigacións de mantemento dunha estrutura organizativa adecuada ou de actualización anual da garantía financeira, nos termos indicados no artigo 2.7 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, iniciará de oficio o procedemento de extinción da autorización e comunicará formalmente á empresa as irregularidades observadas. Simultaneamente solicitará informe preceptivo e non vinculante da Inspección de Traballo e Seguridade Social e informe dos representantes legais dos traballadores da empresa de traballo temporal, aos cales deberá remitir copia da comunicación realizada á empresa. Os informes deberán emitirse no prazo de quince días.

2. Sen prexuízo do seu dereito a formular as alegacións que considere oportunas, a empresa deberá acreditar o cumprimento das obrigacións indicadas no número anterior no prazo máximo dun mes a partir da notificación.

3. Transcorrido o prazo dun mes sen que a empresa acredítase o dito cumprimento, a autoridade competente, logo de audiencia á empresa, ditará resolución, no prazo máximo dun mes, en que declarará a extinción da autorización como empresa de traballo temporal, especificando as carencias ou deficiencias que a xustifican.

4. A resolución que declare a extinción será susceptible de recurso de alzada ante o superior xerárquico de quen a ditou. Sen prexuízo da posibilidade de recurso ante a xurisdición social, a declaración de extinción entenderase plenamente executiva a partir do momento en que a resolución adquira firmeza en vía administrativa.

Unha vez firme a resolución, ordenarase a baixa da empresa no Rexistro de Empresas de Traballo Temporal.

Nese caso, o mantemento da actividade como empresa de traballo temporal determinará as responsabilidades administrativas e de toda clase que procedan.

*Artigo 6. Autorización por restablecemento de actividades.*

1. A empresa de traballo temporal deberá solicitar nova autorización administrativa nos seguintes casos:

a) Cando a autorización expirase por non ter realizado a actividade consistente na posta á disposición de traballadores durante ao menos un ano ininterrompido.

b) Cando a autoridade laboral competente declárase a extinción da autorización.

c) Cando, de conformidade co establecido no artigo 41.3 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, fose sancionada coa suspensión de actividades durante un ano por ter incorrido en reincidencia na comisión de infraccións tipificadas como moi graves no artigo 18.3 do dito texto refundido.

2. Nestes casos, o procedemento de autorización axustarase ao previsto nos artigos 3 e 4 deste regulamento e a empresa deberá facilitar toda a información e achegar aqueles documentos que non se encontren en poder da autoridade laboral competente. Á solicitude de autorización por restablecemento xuntaráse, ademais, a xustificación documental de ter destinado o 1 por cento da masa salarial á formación dos traballadores contratados para seren cedidos a empresas usuarias e a declaración dos gastos de persoal, todo isto correspondente ao último exercicio económico de actividade.

*Artigo 7. Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. Nos procedementos de autorización previstos nos artigos anteriores, a autoridade laboral competente solicitará, por medios electrónicos, informe á Inspección de Traballo e



Seguridade Social, con carácter preceptivo e non vinculante. O informe versará sobre a estrutura organizativa e medios de que dispón a empresa de traballo temporal e a autoridade solicitante poderá indicar aqueles aspectos concretos que, en particular, deban ser obxecto de comprobación.

2. O informe deberá ser remitido, tamén por medios electrónicos, á autoridade laboral no improrrogable prazo de quince días contados desde o seguinte ao de recepción da solicitude.

### CAPÍTULO III

#### Garantía financeira

##### Artigo 8. *Garantía financeira.*

1. As empresas de traballo temporal deberán constituír, á disposición da autoridade laboral que conceda a autorización administrativa, unha garantía financeira que poderá consistir en:

- a) Depósito en diñeiro efectivo ou en valores públicos na caixa xeral de depósitos ou nas súas sucursais.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario prestado por un banco, caixa de aforros, cooperativa de crédito, sociedade de garantía recíproca, ou póliza de seguros contratada para o efecto.

Estas garantías constituiranse conforme as normas polas que se rexen e producirán os efectos que lles son propios segundo elas.

2. Para obter a autorización e durante o primeiro ano de exercicio, a garantía financeira deberá alcanzar un importe igual a vinte e cinco veces o salario mínimo interprofesional vixente no momento de presentar a solicitude, en cómputo anual.

A empresa deberá actualizar anualmente a garantía financeira, de modo que nos exercicios subseguintes a garantía alcance un importe igual ao 10 por cento da masa salarial do exercicio económico inmediato anterior, sen que en ningún caso o dito importe poida ser inferior a vinte e cinco veces o salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, en cómputo anual.

3. Dentro dos tres primeiros meses de cada ano natural a empresa deberá acreditar documentalmente a actualización da garantía ante a autoridade laboral competente.

4. Se o peche de centros de traballo determina unha alteración do réxime competencial, a garantía financeira xa constituída quedará á disposición da autoridade laboral que resulte competente.

5. A garantía constituída responderá, na forma prevista no artigo 10, das débedas por indemnizacións, salariais e coa Seguridade Social. Cando a garantía se executase total ou parcialmente, a empresa de traballo temporal, no prazo dos quince días seguintes á súa execución, deberá repor a citada garantía na contía que corresponda e comunicalo á autoridade laboral competente. En caso contrario, iniciarase o procedemento regulado no artigo 5.

##### Artigo 9. *Masa salarial.*

1. Para os efectos previstos nos artigos 3 e 12.2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, enténdese por masa salarial o conxunto de retribucións salariais e extrasalariais devindicadas por todos os traballadores contratados pola empresa de traballo temporal para seren cedidos ás empresas usuarias, exceptuándose os conceptos seguintes:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións e extincións de contratos.

c) As indemnizacións ou anticipo por gastos que realizen os traballadores como consecuencia da súa actividade laboral.

2. Non se considerarán parte integrante da masa salarial as cotizacións á Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta a cargo do empregador.

3. Cando a empresa de traballo temporal sexa unha cooperativa de traballo asociado, a masa salarial entenderase constituída polas retribucións salariais e extrasalariais devindicadas polos traballadores contratados para seren cedidos, calculada conforme o número 1, así como polos anticipos laborais percibidos polos socios traballadores cedidos a empresas usuarias.

4. Dentro dos tres primeiros meses de cada ano natural a empresa deberá presentar ante a autoridade laboral competente unha declaración formal relativa á contía da masa salarial do ano anterior.

#### Artigo 10. *Execución da garantía financeira.*

1. A garantía constituída pola empresa de traballo temporal responderá das débedas por indemnizacións, así como das débedas salariais contraídas cos traballadores contratados para seren cedidos a empresas usuarias, cando as citadas débedas estean pendentes de pagamento, unha vez que estas fosen recoñecidas ou fixadas en acto de conciliación ou resolución xudicial firme. Así mesmo, a garantía responderá das débedas por cotas da Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta, referidas aos ditos traballadores cedidos, unha vez que estas fosen determinadas mediante providencia de constrinximento ou dilixencia de embargo expedidas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. O traballador afectado poderá solicitar da autoridade laboral competente a execución da garantía financeira cando concorran as circunstancias previstas no número anterior. A solicitude de execución deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Documentación acreditativa da identidade do solicitante.
- b) Documentos acreditativos da existencia das débedas salariais ou indemnizatorias recoñecidas no seu favor, segundo o previsto no número 1.
- c) Documentos acreditativos da relación laboral do solicitante coa empresa de traballo temporal cuxa garantía financeira se exige que responda das débedas pendentes de pagamento.

3. O prazo para que o traballador solicite a execución da garantía financeira será dun ano contado desde a data do acto de conciliación ou resolución xudicial firme en que se recoñeza a débeda por salarios ou indemnizacións.

Este prazo interromperase polo exercicio das accións executivas ou de recoñecemento do crédito en procedemento concursal e polas demais formas legais de interrupción da prescrición.

4. Cando a garantía financeira resulte insuficiente para satisfacer a totalidade dos créditos existentes, procederase á súa execución de acordo coa seguinte orde:

a) En primeiro lugar, gozarán de preferencia absoluta sobre calquera outro crédito os salarios correspondentes aos últimos trinta días de traballo en contía que non supere o dobre do salario mínimo interprofesional.

O remanente da garantía financeira, despois de aboados os salarios na contía establecida no parágrafo anterior, aplicarase ao pagamento das restantes débedas salariais. Para tal fin, a prelación entre todos os acredores determinarase pola orde de datas de presentación das solicitudes de execución da dita garantía.

b) En segundo lugar, terán preferencia os créditos por indemnizacións económicas derivadas da finalización de contratos de posta á disposición até unha contía máxima de doce días de salario.



Se existir remanente da garantía financeira unha vez saldados os créditos por indemnizacións referidos no parágrafo anterior aplicarase ao pagamento das restantes débedas indemnizatorias a prelación prevista no último parágrafo da letra a) deste número.

c) Por último, os créditos por cotas da Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta.

5. En caso de concurso, a clasificación dos créditos, así como as accións de execución que poidan exercer os traballadores para o cobramento dos salarios e indemnizacións por despedimento que lles poidan ser debidos quedan sometidas ao establecido na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

6. Se a garantía financeira for insuficiente, as empresas usuarias, conforme o disposto no artigo 16.3 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, responderán subsidiariamente das obrigacións salariais, indemnizatorias e de seguridade social contraídas co traballador cedido durante a vixencia do contrato de posta á disposición, ou solidariamente no caso de que o referido contrato se realizase incumprindo o disposto nos artigos 6 e 8 do dito texto legal.

#### Artigo 11. *Liberación da garantía.*

1. Conforme o previsto no artigo 3.5 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, a garantía financeira será liberada e devolta á empresa de traballo temporal cando esta cesase definitivamente na súa actividade e acredite ante a autoridade laboral competente que carece de obrigacións indemnizatorias, salariais e de seguridade social.

Para tal fin, a empresa de traballo temporal deberá presentar unha solicitude por medios electrónicos en que poderá autorizar a autoridade laboral competente para que obteña de forma directa, a través de certificados electrónicos, a acreditación da baixa da totalidade do seu cadro de persoal na Seguridade Social, así como a acreditación de que a empresa está ao día no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

No suposto de que o solicitante non autorice a comprobación dos datos pola autoridade laboral competente, deberá achegar a documentación correspondente.

Xunto á solicitude deberá presentar igualmente copia das correspondentes quitanzas debidamente asinadas.

2. Para efectos do previsto no número anterior, a autoridade laboral dirixirase aos servizos administrativos de mediación, arbitraje e conciliación e aos órganos xurisdiccionais da orde social para que comuniquen se existe algún procedemento pendente en relación coa empresa de traballo temporal que puidese facer necesaria a retención da garantía financeira.

3. Cando a empresa cese na súa actividade e teña obrigacións pendentes, das previstas no número 1, a garantía executarase conforme o previsto no artigo 10.

### CAPÍTULO IV

#### **Rexistros de Empresas de Traballo Temporal**

#### Artigo 12. *Rexistros de Empresas de Traballo Temporal.*

1. De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, cada unha das autoridades laborais competentes para conceder autorizacións administrativas a empresas de traballo temporal levará un rexistro de empresas de traballo temporal, con funcionamento por medios electrónicos, que terá carácter público.

2. Os rexistros de empresas de traballo temporal, de carácter público e funcionamento electrónico, non teñen a natureza de rexistro electrónico a que se refire a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

**Artigo 13. Asentos rexistrais.**

1. A inscrición rexistral das empresas de traballo temporal practicarase, de forma electrónica, de oficio, a autoridade laboral competente de forma simultánea á concesión da autorización administrativa, e fará constar os seguintes datos:

- a) Identificación completa da empresa de traballo temporal.
- b) Identificación do empresario individual ou da persoa xurídica, así como daqueles que desempeñen cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración nesta, e número de autorización administrativa.
- c) Domicilio social da empresa e domicilio dos centros de traballo.
- d) Garantía financeira, expresando o seu importe e a forma en que quedou constituída.

2. No acto da inscrición asignarase un número de autorización administrativa conforme o que se estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto.

3. No suposto de comunicación de cambios a que se refiren as letras a) e b) do artigo 17.2, a autoridade laboral practicará o correspondente asento rexistral, para cuxo efecto a empresa deberá achegar copia da certificación de inscrición do Rexistro Mercantil ou, se for o caso, do correspondente Rexistro de Cooperativas ou ben autorizar a autoridade laboral para obter do Rexistro Mercantil ou do Rexistro de Cooperativas certificación acreditativa da inscrición.

Así mesmo, practicaranse os asentos rexistrais correspondentes aos cambios na contía e forma de constitución da garantía financeira, aperturas e peches de centros de traballo e ao cesamento na actividade de empresa de traballo temporal.

4. O órgano do Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou da comunidade autónoma que, de conformidade co establecido no artigo 41.3 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, acordase a suspensión de actividades dunha empresa de traballo temporal por ter incorrido en reincidencia na comisión de infraccións tipificadas como moi graves no artigo 18.3 do dito texto refundido, porao en coñecemento da autoridade laboral competente e daralle traslado da resolución en que se impoña a sanción, para efectos de practicar o correspondente asento rexistral.

**Artigo 14. Base de datos central.**

1. Da información existente nos rexistros de empresas de traballo temporal, os datos que a continuación se relacionan incorporaranse a unha base de datos central cuxa xestión corresponderá á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social:

- a) Identificación da empresa.
  - b) Autorización para o desenvolvemento da actividade de empresa de traballo temporal, incluídos os supostos de restablecemento, así como de suspensión ou cesamento de actividades.
  - c) Domicilio social da empresa e domicilio dos centros de traballo.
  - d) Cambios de domicilio social da empresa e aperturas e peches de centros de traballo.
  - e) Relacións dos contratos de posta á disposición a que se refire o artigo 17.1.
2. Os datos incluídos nas letras a), b), c) e d) serán de acceso público.
  3. Os datos da letra e) serán accesibles para as autoridades laborais.

## CAPÍTULO V

**Contrato de posta á disposición**

Artigo 15. *Contrato de posta á disposición.*

1. O contrato formalizarase sempre por escrito, no modelo oficial que se estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto, por duplicado, e deberá conter, como mínimo, a seguinte información:

- a) Datos identificativos da empresa de traballo temporal. Farase constar o número de autorización, número de identificación fiscal e códigos de conta de cotización á Seguridade Social.
- b) Datos identificativos da empresa usuaria. Indicarase, expresamente, o número de identificación fiscal e o código de conta de cotización á Seguridade Social.
- c) Suposto de formalización, con expresión concreta da causa que o xustifica, segundo o disposto no artigo 6.2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño.
- d) Contido da prestación laboral e cualificación requirida.
- e) A establecida no artigo 2 do Real decreto 216/1999, do 5 de febreiro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo no ámbito das empresas de traballo temporal.
- f) Servizos comúns e instalacións colectivas da empresa usuaria.
- g) Duración prevista do contrato.
- h) Lugar e horario de traballo.
- i) Prezo convindo.
- j) Retribución total.
- k) Convenio colectivo de aplicación na empresa usuaria.

2. Ademais, no suposto de contratos para a formación e a aprendizaxe, no contrato de posta á disposición designarase a persoa da empresa usuaria que se encargará de tutelar o desenvolvemento da actividade laboral do traballador.

3. Os contratos de posta á disposición que, sen eliminar ningún dos conceptos contidos no modelo que se estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto nin alterar a súa denominación, conteñan modificacións de carácter puramente formal ou inclúan elementos adicionais de información consideraranse axustados ao citado modelo.

## CAPÍTULO VI

**Contrato de traballo**

Artigo 16. *Contrato entre a empresa de traballo temporal e o traballador.*

1. O contrato celebrado entre a empresa de traballo temporal e o traballador para ser posto á disposición de empresas usuarias formalizarase sempre por escrito, por duplicado, e deberá comunicarse o seu contido á oficina pública de emprego dentro dos dez días seguintes á súa celebración, nos termos que regulamentariamente estean establecidos.

2. Sen prexuízo do exixido na normativa aplicable a cada modalidade, o contrato de traballo de duración determinada, coincidente coa do contrato de posta á disposición, conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Identificación das partes contratantes. Faranse constar, no caso da empresa de traballo temporal, o número de autorización administrativa, o número de identificación fiscal e os códigos de conta de cotización á Seguridade Social.
- b) Identificación da empresa usuaria. Especificaranse o número de identificación fiscal e o código de conta de cotización á Seguridade Social.
- c) Causa do contrato de posta á disposición.

- d) Contido da prestación laboral.
- e) Información a que se refire o artigo 2 do Real decreto 216/1999, do 5 de febreiro.
- f) Duración prevista do contrato de traballo.
- g) Lugar e horario de traballo.
- h) Remuneración convida.
- i) Convenio colectivo aplicable na empresa de traballo temporal e na empresa usuaria.

3. No suposto de contrato en prácticas, ademais dos datos indicados no número anterior, farase constar expresamente a titulación do traballador.

4. No suposto de contrato para a formación e a aprendizaxe, ademais dos datos indicados no número 2, deberá incluírse o anexo relativo ao acordo para a actividade formativa, conforme o disposto no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

5. Cando o traballador fose contratado por tempo indefinido pola empresa de traballo temporal deberáselle entregar, cada vez que vaia prestar servizos nunha empresa usuaria, a correspondente orde de servizo, na cal se indicará:

- a) Identificación da empresa usuaria en que debe prestar servizos, especificando o número de identificación fiscal e código de conta de cotización á Seguridade Social.
- b) Causa do contrato de posta á disposición.
- c) Contido da prestación laboral.
- d) Información a que se refire o artigo 2 do Real decreto 216/1999, do 5 de febreiro.
- e) Lugar e horario de traballo.

## CAPÍTULO VII

### Obrigacións de información

#### Artigo 17. *Obrigacións de información á Administración.*

1. As empresas de traballo temporal están obrigadas a remitir por medios electrónicos ao Rexistro de Empresas de Traballo Temporal da autoridade laboral competente, dentro dos primeiros dez días de cada mes e no modelo que se estableza nas disposicións de desenvolvemento deste real decreto, unha relación dos contratos de posta á disposición celebrados no mes anterior, en que deberá constar:

- a) Nome, número de identificación fiscal e código de conta de cotización á Seguridade Social dos centros de traballo das empresas usuarias.
- b) Número de contratos celebrados con cada unha delas, desagregado por supostos de celebración, de conformidade co previsto no artigo 6.2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño.
- c) Número total de traballadores postos á disposición das empresas usuarias. Se un traballador é cedido en máis dunha ocasión, á mesma ou distinta empresa usuaria, computarase unha soa vez.

Esta documentación remitirase igualmente no caso de que a empresa non formalizase contratos de posta á disposición, e farase constar tal circunstancia.

2. As empresas de traballo temporal están igualmente obrigadas a comunicar á autoridade laboral, dentro dos quince días seguintes á súa produción ou, se for o caso, á notificación da súa inscrición no correspondente Rexistro Mercantil ou Rexistro de Cooperativas, os seguintes actos:

- a) Os cambios de titularidade e de domicilio social da empresa.
- b) O cambio das persoas que desempeñen cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración nas empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, indicando os seus datos identificativos.

- c) A apertura de novos centros de traballo.
- d) O peche de centros de traballo.
- e) O cesamento na actividade como empresa de traballo temporal.

Artigo 18. *Obrigacións de información á empresa usuaria.*

1. A empresa de traballo temporal deberá subministrar á empresa usuaria a seguinte documentación en relación cos traballadores que cedese:

- a) Copia do contrato de traballo ou da correspondente orde de servizo.
- b) Documentación acreditativa de ter cumprido coas obrigacións salariais contraídas cos ditos traballadores e en materia de seguridade social.

2. No suposto de contrato para a formación e a aprendizaxe, a empresa de traballo temporal deberá facilitar á usuaria o anexo relativo ao acordo para a actividade formativa conforme a súa normativa específica.

Disposición adicional primeira. *Aplicación da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Sen prexuízo das peculiaridades previstas na Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, e no presente regulamento, observárase o disposto con carácter xeral na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento.

En materia de infraccións e sancións laborais será de aplicación o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, e demais disposicións regulamentarias sobre procedemento sancionador.

Disposición adicional segunda. *Contratos de traballo de primeiro emprego para a mocidade.*

Até que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15 por cento, e conforme o establecido nas disposicións adicional quinta e transitoria primeira da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, poderán tamén celebrarse contratos de posta á disposición entre unha empresa de traballo temporal e unha empresa usuaria nos mesmos supostos e baixo as mesmas condicións e requisitos en que a empresa usuaria podería celebrar un contrato de traballo de primeiro emprego para a mocidade, segundo o establecido no artigo 12 da dita lei.

Neste caso, e para efectos do previsto no artigo 15.1.c), deberá especificarse no contrato de posta á disposición que o contrato se celebra baixo este suposto.

Disposición transitoria única. *Números de autorización en vigor.*

As autorizacións concedidas a empresas de traballo temporal antes da entrada en vigor deste regulamento manterán o número inicialmente asignado.